

REQUISITOS DE ACCESO A ACCIÓNS FORMATIVAS CONDUCENTES A CERTIFICADOS PROFESIONAIS GRAO C

(Art. 75 e disp. ad. 5ª RD. 659/2023, do 18 de xullo)

Nivel 1

- Non se esixen requisitos académicos nin profesionais, aínda que se han de posuír as habilidades de comunicación suficientes que permitan a aprendizaxe.
- No caso de requirir competencias básicas previas, a oferta correspondente poderá incorporar complementos de formación para estes efectos, sempre vinculados aos centros de persoas adultas para garantir o seu recoñecemento directo ou a través do proceso de acreditación de competencias básicas que se regule.

Nivel 2

- Título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente a efectos de acceso.
- Certificado Profesional de nivel 2.
- Certificado de Competencia incluído na oferta a realizar.
- Certificado Profesional de nivel 1 da mesma familia profesional.
- Superar un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
- Superar unha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- Posuír o título de Técnico Básico.
- Posuír un Certificado de Profesionalidade de nivel 2.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos e/o de corenta e cinco anos.
- Ter acreditadas as competencias clave necesarias, de acordo co recolleito no anexo IV do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.

Nivel 3

- Título de Técnico.
- Título de Técnico Superior.
- Título de Bacharel ou equivalente a efectos de acceso.

- Certificado Profesional de nivel 3.
- Certificado de Competencia incluído na oferta a realizar.
- Certificado Profesional de nivel 2 da mesma familia profesional.
- Superar un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
- Superar unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.
- Posuír o título de Técnico.
- Posuír un Certificado de Profesionalidade de nivel 3.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos e/o de corenta e cinco anos.
- Ter superados os estudos conducentes ao título de Bacharel regulado pola Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa.
- Ter acreditación mediante certificación académica da superación de todas as materias conducentes á obtención do título de Bacharel regulado pola Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, tras a finalización do terceiro curso dos devanditos ensinos.
- Ter acreditadas as competencias clave necesarias, de acordo co recolleito no anexo IV do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.